



## IV ANDAINA POPULAR 2025 CONCELLO DE AMOIRO 14K-20K REGULAMENTO DA PROBA

### Artigo 1. Definición da proba

O Concello de Amoeiro e a Asociación “Os Bieletas”, organizan a “IV Andaina popular 2025 Concello de Amoeiro 14-20K”. A **Proba desenvolverase íntegramente nos paraxes do concello de Amoeiro**, dando a conocer aos participantes a riqueza cultural e paisaxística do municipio, namentres se practica unha actividade deportiva ao aire libre.

A proba catalógase de carácter non competitivo, non oficial para ningún campionato e restrinxida ao ámbito local do municipio de Amoeiro.

A proba constará de dúas variantes, das que os participantes poderán elixir: a primeira de **14 km de distancia** e a segunda con **20,2 km de distancia total**.

**Na proba non existirán instalacións portátiles ou desmontables.** Trátase dunha ruta circular polo que o inicio e fin da proba terá lugar no Campo do Souto de Amoeiro.

### Artigo 2. Participantes

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, maiores de idade que se atopen en aptitude para o desempeño da actividade deportiva. Así mesmo, os menores de 14 anos de idade deberán ir acompañados de un adulto/titor. Queda restrinxida a participación a menores de 8 anos.

As persoas participantes menores de idade deberán cumprimentar unha autorización paterna, materna ou do/a titor/a legal para poder participar. Deberá facerse no momento da inscrición á proba. No caso de non presentar dita autorización, non será posible a participación na proba e quedará automaticamente excluído.

É de carácter obrigatorio a formalización da inscrición na proba, así como o pago das taxas correspondentes; quedando totalmente excluídos da proba e as coberturas da mesma, aquelas persoas que non a formalicen na súa totalidade.

E imprescindible o uso de roupa e calzado deportivo. Recomendase para os casos nos que ameace a choiva, levar chaquetas impermeables/cortaventos. Permiteuse o uso de bastóns de apoio.

Os participantes deberán de atender en todo momento aos consellos e indicacións da organización e forzas do orden.



### **Artigo 3. Categorías**

Establécese unha única categoría integrada pola totalidade dos participantes.

### **Artigo 4. Distancias e horarios**

A “**Andaina Concello de Amoeiro**” terá lugar o domingo 21 de Decembro de 2025 e conta cun dobre percorrido, con saída común, dende o **Campo do Souto de Amoeiro ás 9:30h**. A maior parte do percorrido realizarase por sendas de terra atravesando alguna zona de asfalto moi minoritarias.

**A entrega de dorsais realizarase a partir das 08:45 no mesmo lugar da saída da proba, o Campo do Souto de Amoeiro.**

A chegada para os participantes na variante de 14km estimase que será sobre ás 12h da mañá e será no Polideportivo municipal de Amoeiro.

A chegada para os participantes na variante de 20,2 km estimase que será sobre as 13:15h da mañá e será de igual maneira no Polideportivo municipal de Amoeiro.

A organización resérvase o dereito a modificar a presente normativa, así como a modificación do percorrido, quilometraxe e data da proba.

A proba realizarase dependendo da climatoloxía dese día. A organización, en caso de condicións climatolóxicas adversas ou por seguridade sanitaria, reservase o dereito de cancelar definitivamente, ou programar para outra data, a proba.

### **Artigo 5. Lugar de saída e percorrido**

A saída terá lugar no Campo do Souto de Amoeiro. A meta será no polideportivo municipal de Amoeiro (Distancia entre ambos puntos 450m)


O percorrido da proba transcorre na súa maior parte por camiños rurais e forestais do Concello de Amoeiro existindo cruces con tramos de estradas, que se atopan abertos ao tráfico para outros usuarios; polo que se deberá extremar a precaución por parte dos participantes, respectando as normas de circulación contidas na Lei de Seguridade Vial e no Regulamento Xeral de Circulación.

En ningún momento por participar na proba haberá algún tipo de prioridade. A organización mais as forzas do orden poderán decidir que calquera participante que non cumpra as normas viarias, abandone a proba.


Todos os participantes deben respectar o entorno por onde transcorre a proba, quedando terminantemente prohibido tirar lixo en todo o recorrido a excepción dos contedores de lixo situados nos puntos da ruta. No caso de que a organización vexa participantes que incumpren este apartado quitaráselle o dorsal e quedaran fora da proba.

Os detalles, diferentes tramos e itinerario poden consultarse no Anexo I da proba.

- Mapa da variante 20K



- Mapa variante 14 K





## Artigo 6. Inscripcións

### Modalidades de inscrición e prazos

Existen dúas modalidades de inscrición na proba:

- En liña: **Na páxina web do concello dendo o día 04/12/2025 ata o 18/12/2025**
- **Presencialmente no concello dende o día 04/12/2025 ata o 18/12/2025**

Deberá cubrir o formulario tipo cos seus datos persoais. No caso de menores de 18 anos deben aportar no mesmo intre justificante do pai/nai/titor para poder participar na proba. Ademais, no caso de menores de 14 anos de idade deberán especificar que persoa acompañará ao cativo/a.

A inscrición dará dereito á participación na proba, e incluírá os avituallamentos e todo tipo de seguros obrigatorios para a organización. O feito de inscribirse na proba, supón a aceptación total do presente regulamento

A persoa que desexe realizar a inscrición na proba, será a responsable que os datos que cumprimente na mesma son verdadeiros, actualizados e completos. Toda inscrición que se realice de forma incorrecta ou non verídica quedará excluída da proba e por consiguiente das coberturas aseguradas na mesma.

### Prezo

- O prezo para a participación: **8 € (incluído seguro de accidentes, asistencia médica se fose preciso e avituallamentos)**
- **É obrigatorio inscribirse para participar na andaina. Na modalidade online o pago realizarase de forma telemática no momento da inscrición. Na modalidade presencial o pago realizarase en efectivo tarxeta (TPV) no concello no momento da inscrición e non se aceptaran pagos en metálico, Bizum, transferencias, etc.**
- De maneira voluntaria realizarase unha recollida de alimentos non perecedeiros na zona da saída da proba. A recolecta e xestión dos alimentos, realizarase directa e íntegramente polo Banco de Alimentos de Ourense.

**Límite de prazos:** Non haberá límite de prazos.

## Artigo 7. Señalización e controis

O percorrido estará marcado por diferentes tipos de marcas que se describen a continuación, sendo obrigatorio o paso por os controis establecidos:

- Cinta señalización
- Marcas pintura biodegradable no medio (arbores/pedras): **trazo Naranxa fluor**
- Carteis



## **Artigo 8. Retiradas**

Os participantes que por algún motivo desexen abandonar, deberán remontar a organización da proba o seu desexo de abandono; ven sexa en algún dos controis establecidos ven sexa de palabra a algún dos membros da organización.

## **Artigo 9. Avituallamentos**

Existirá un punto de avituallamentos líquidos e sólidos no km 7 e na meta da etapa para a variante de 10,5K.

Para a variante de 22K, existirán avituallamentos no Km.7, no Km.13,3 e outro na meta.

## **Artigo 10. Servicio sanitario**

No transcurso da proba existirá unha ambulancia con personal médico-sanitario para posibles emerxencias ou accidentes no transcurso da mesma.

O persoal médico terá a potestade de retirar da proba a calquera participante cando considere que a súa saúde está en perigo. Encontrarase preferiblemente na zona de saída e meta, estando en todo momento localizable para os membros da organización.

Durante o transcurso da proba existirá un número de emerxencia a disposición dos participantes para alertar dun problema médico ou saúde á organización, e posterior asistencia dos técnicos sanitarios.

## **Artigo 11. Descalificación. Exclusiones**

Será descalificado todo participante que non cumpla o presente regulamento, non complete a totalidade do percorrido, deteriore ou ensucie o entorno ou que desatenda as indicacións da organización. Unha vez descalificado da proba, e a partir de ese momento, non quedará ao amparo das coberturas e responsabilidades da mesma.

Todo participante deberá respectar o percorrido marcado pola organización. Aqueles participantes que abandonen por propia vontade o percorrido, o farán baixo a súa propia responsabilidade e quedarán excluídos da proba nese mesmo momento.

Quedan totalmente excluídas da proba aquelas persoas que non formalicen a inscrición correctamente e na súa totalidade.



## Artigo 12. Perdidas e danos materiais

A organización da proba non se fará cargo, nin se responsabiliza; da perda, roubo ou danos nos materiais dos participantes.

Da mesma maneira a organización exímese da responsabilidade do mal uso dos medios do entorno, de actos vandálicos e trastornos negligentes no tráfico por parte dos participantes, sendo estes mesmos os responsables dos danos.

## Artigo 13. A organización

A organización da proba disporá de persoal para o control do desenvolvemento da proba. Contemplase a presenza de vehículos oficiais, tanto da organización como de protección civil.

A organización reservase os dereitos exclusivos de imaxes, fotografías, video e información da proba, nas que poderán aparecer os participantes, así como a utilización de ese material para anuncios, relacións públicas ou calquera outro propósito periodístico ou de promoción do evento. Para todo o non especificado no regulamento, acollerase as consignas do organizador da proba.

As persoas coa súa inscrición na proba, dan permiso explícito para o uso de este material segundo as indicacións anteriormente descritas.

En cumprimento da R.G.P.D., os datos recollidos a través do formulario de inscrición pasaran a formar parte dun arquivo do cal é titular o Concello de Amoeiro. A finalidade de este arquivo será para a xestión e prestación de servizos solicitados por parte do inscrito. O titular dos datos subministrados poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos a través de correo postal ó seguinte enderezo: Rúa Castor Sánchez Martínez nº 6, 32170 Amoeiro, Ourense.

A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender o evento se así o estima oportuno por razóns de seguridade.

A organización non se fai responsable de ningún accidente ou dano que poidan ter ou causar os participantes inscritos durante a celebración da ruta, xa que o participante, é o único responsable do seu comportamento. Entendese que o participar nunha proba destas características os participantes asumen e coñecen as situacións e riscos, incluso fronte a terceiros, propios desta modalidade montañismo; polo que libera expresamente á organización, ou organismo colaborador, ante todo tipo de accidente, lesión ou eventualidade que puidera xurdir derivada da súa participación na proba, e que non estivese cuberta polo seguro contratado.

O método de contacto da organización cos participantes será vía correo electrónico e teléfono (facilitado polos participantes). No momento da inscrición, o participante autoriza o uso destes datos con fines informativos da proba. O contacto ca organización por mail é: [deportes@amoeiro.gal](mailto:deportes@amoeiro.gal).



## **Artigo 14. Colaboradores e patrocinadores**

- Concello de Amoeiro
- Asociación deportiva “Os bieletas”
- Protección civil de Amoeiro
- Banco de Alimentos de Ourense

## **Artigo 15. Devolucións**

Admitiranse a devolución do 100% do importe total da taxa as solicitudes de cancelación realizadas antes do día 18 de Decembro de 2025.

Admitirase a devolución do 50% do importe total da taxa as solicitudes de cancelación realizadas antes do día 19 de Decembro de 2025.

Admitiranse devolucións totais da taxa no caso de cambio de fecha do evento por causas de forza maior, climatolóxicas e emerxencia sanitaria.

## **Artigo 16. Coberturas**

A proba conta cun seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes coas coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/1993.

Todos os participantes inscritos na quedada, están amparados polo seguro contratado pola organización, polo que é necesario que no momento da inscrición figure con toda claridade e exactitude o Nome e Apelidos de cada Participante, así como o resto dos datos esixidos, sendo da súa única responsabilidade as consecuencias da inexactitude ou falsidade nos mesmos. A participación na proba está baixo a responsabilidade e risco do participante, xa que no momento da súa inscrición manifesta atoparse fisicamente, psíquica e tecnicamente apto para realizar a proba.